

Convenio entre la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa Fagor Automation, S. Coop., para a creación dun Aula CNC Fagor Automation no Instituto de Educación Secundaria Politécnico de Vigo

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

#### INFORMA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades ten previsto formalizar coa empresa Fagor Automation, S. Coop., o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa Fagor Automation, S. Coop. (FAGOR en adiante) para o desenvolvemento dun conxunto de iniciativas no ámbito das ensinanzas de formación profesional, especialmente nas familias profesionais de Fabricación Mecánica e Instalación e mantemento, concretamente a creación dun Aula CNC Fagor Automation no Instituto de Educación Secundaria Politécnico de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:
  - a) A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis



implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

b) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:

- Realización do módulo de formación en centros de traballo.
- Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
- A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
- Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

c) A colaboración formalizarase mediante convenio.

2. Que Fagor Automation, S. Coop., como empresa con ampla experiencia no desenvolvemento e fabricación de produtos de automatización e control de maquinaria, achega solucións tecnolóxicas relacionadas cos sistemas de CNC (Control Numérico, regulación, motores e sistemas de captación) sendo unha das metas de FAGOR, a investigación e a formación de persoal sobre os últimos desenvolvementos técnicos na oferta de produtos de Fagor Automation para satisfacer as necesidades do mercado de hoxe en día, ofrecendo servizos á comunidade educativa formada por profesorado e alumnado de ensinos técnicos.
3. Que o Instituto de Educación Secundaria Politécnico de Vigo é unha institución pública que ten entre os seus obxectivos a formación e preparación para o exercicio de actividades profesionais do seu alumnado nas diferentes titulacións que imparte, contribuíndo coas súas actuacións á promoción do desenvolvemento social, económico e empresarial da comunidade e a súa cidadanía, así como á mellora do benestar social.
4. Que as partes están dispostas a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais



necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

